

ORDENANZA FISCAL Nº 26, REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE A PEDREIRA

ARTIGO 1.–Fundamento e réxime

No uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), este concello establece a taxa pola utilización do campo de fútbol municipal da Pedreira así como pola prestación de servizos nel, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao establecido no artigo 57 do TRLRHL.

ARTIGO 2.- Obrigados ó pagamento

1.- Están obrigados ó pagamento da taxa reguladora nesta ordenanza quen utilice as instalacións ou se beneficie do servizo prestado por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

2.- Non están obrigadas ao pagamento de ningunha cantidade as actividades organizadas polo Concello de Mugaros, ben directamente ou ben indirectamente a través doutras entidades coas que se desenvolva un convenio de utilización da instalación.

3.- O ingreso da taxa farase polo sistema de autoliquidación, procedendo a liquidación provisoria antes da realización da prestación, sen prexuízo de practicar a liquidación definitiva no suposto de que a provisoria non fose a correcta.

ARTIGO 3.–Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, se aplicará o réxime regulado na LGT e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

ARTIGO 4.–Normas de xestión e obrigación de pagamento

1.- A obriga de pagar esta taxa nace dende que se inicia a prestación do servizo ou a utilización do dominio público, mediante a solicitude de prestación ou acceso ás instalacións.

2.- Os/as interesados/as no uso do campo da Pedreira, solicitaran nas dependencias administrativas do Concello en horario de mañá e no Pavillón municipal do Cristo pola tarde nos horarios que a tal efecto se dispoñan, de forma que se exporá no taboleiro de anuncios do campo de fútbol así como no Concello de Mugaros.

3.- O correspondente órgano municipal adoptará a resolución que proceda sobre a solicitude e, no seu caso, aprobará a liquidación da taxa.

4.- Cando se trate da práctica de actividades e espectáculos deportivos, por parte de clubs deportivos, asociacións, colexios, etc. que teñan concedida a utilización periódica das instalacións deportivas municipais, practicarase a liquidación mensual, segundo o número de horas de utilización e a categoría deportiva, que abonará coa dita periodicidade.

5.- A persoa ou entidade usuaria que por calquera causa xustificada non faga uso da instalación, tendo hora concedida, avisará con 48 horas de antelación aos Servizos Administrativos pertinentes para que se poida dispor da súa utilización. En caso de avisar con menos tempo, perderá a taxa aboada.

6.- Unha vez concedida non se permite a prestación das instalacións a terceiros.

ARTIGO 5.-Cota tributaria

1.-A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa segundo a natureza da actividade tal e como se recolle de seguido:

- a) Actividades, competicións, espectáculos deportivos: agás as que puideran ter efectos negativos sobre a instalación ou algún dos seus equipamentos por razóns do material empregado no seu xogo ou competición.

Modalidade	Prezo
1 hora ½ Campo ate xuvenís	20 €
1 hora ½ Campo resto das categorías	25 €
1 hora Campo completo ate xuvenís	30 €
1 hora Campo completo resto das categorías	50 €
Partido campo completo (2 horas)	60 €
Partido campo completo con despacho de billetes	100 €
Alumeado	
1 ficha (1 hora 1/2 intensidade)	3 €
2 fichas (1 hora intensidade completa)	6 €

- b) Espectáculos de carácter mixto, nos que se inclúan algunhas manifestacións alleas ao deporte ou ben nos que o seu aspecto artístico, musical ou espectáculos, supere o estritamente deportivo.

Modalidade	Prezo
1 hora ½ Campo	30 €
1 hora Campo completo	40 €
Alumeado	
1 ficha (1 hora 1/2 intensidade)	3 €
2 fichas (1 hora intensidade completa)	6 €

- c) Reunións de carácter exclusivamente artístico ou cultural, así como tamén festivais que poida autorizar o Concello de Mugar dos, atendendo a circunstancias que así o aconsellen, e oído o técnico deportivo municipal, reservándose o dereito de non

autorizar as celebracións de calquera reunión ou manifestación, mediante comunicación previa aos interesados.

Modalidade	Prezo
1 hora ½ Campo	80 €
1 hora Campo completo	160 €
1 hora ½ Campo con despacho de billetes	280 €
1 hora Campo completo con despacho de billetes	560 €
Alumeado	
1 ficha (1 hora 1/2 intensidade)	3 €
2 fichas (1 hora intensidade completa)	6 €

2.- As entidades deportivas que teñan por finalidade o fomento do fútbol dende a base ás categorías sénior no concello de Mugardos, e que organicen actos no campo de fútbol da Pedreira con carácter periódico, poderán solicitar un especial concerto económico co Concello. A aprobación do concerto correspóndelle á Xunta de Goberno Local previo informe da Comisión correspondente.

3.-Estas tarifas se actualizarán anualmente segundo o Índice de Prezos ao Consumo publicado polo IGE no mes de decembro.

Disposición derradeira

Esta ordenanza entrará en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, será de aplicación a partir do día seguinte da súa publicación e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.